




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilanova de Arousa. Parroquias: San Cibrán de Vilanova de Arousa ao oeste, e Santa María de Caleiro ao leste. Extensión: 2,68km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa de trazado regular con chaira intermareal e presenza de tramos microacantilados rochosos pero sobre todo de areais froito da intensa dinámica sedimentaria. As praias esténdense por todo o perímetro costeiro pero non alcanzan gran desenvolvemento a excepción das praias de Fuciño do Porco e Rego das Sinas que compoñen un complexo sedimentario ancorado na Punta do Fuciño do Porco. A vertente continental presenta un relevo aplanado con suave pendente cara á súa cabeceira no que tan só resaltan pequenas elevacións graníticas.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Existe unha clara dominancia de depósitos pleistocenos en toda a unidade, excepto en puntuais afloramentos de rochas tardihercínicas, correspondéndose con Granodioritas Biotíticas con Anfíbol das denominadas como tipo Caldas de Reis.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de clima homoxéneo con valores anuais medios de temperatura por encima dos 15°C e entre 1200mm e 1400mm de precipitación anual acumulada. A amplitude térmica oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C ao ano. Dominio climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Sector costeiro con areosos ao redor dos depósitos sedimentarios da praia das Sinas. A chaira interior está formada principalmente por cambisols dísticos que están sometidos a unha explotación agrícola intensiva.

#### AS AUGAS

Trátase dun tramo costeiro pouco accidentado no que non existe unha rede de drenaxe marcada. A superficie plana da chaira litoral e a presenza de liñas de costa areosas é responsable de que a auga de escorrentía se canalice ao mar (Augas Costeiras 20160) a través de pequenos regatos, destacando os que chegan á praia das Sinas.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Dende Punta das Sinas cara ao sur, costa incluída no Iba Contorna mariña das Rías Baixas. Unidade na que resultan de importancia os 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. Hai que sumar a presenza do ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. A nivel continental a transformación do medio é tal que apenas podemos destacar algunhas masas de frondosas de orixe ripícola (91E0) -que se fundamenta en concavidades ou na horizontalidade da chaira costeira- e outras de frondosas de recolonización, ademais de masas mixtas destas formacións con eucaliptais. Por exemplo, existe unha formación de interese na zona de Saboi, coincidindo coa suave cabeceira dun regato costeiro que verte na Praia das Sinas. No areal formado pola Praia do Rego das Sinas e Praia do Fuciño do Porco, existe potencialidade para as dunas atlánticas (grupo 21), pero estas atópanse extremadamente degradadas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

As características climáticas e edafolóxicas dan lugar a un solo de alta produtividade agrícola e de viñedo. Así mesmo, desenvólvese unha actividade marisqueira relacionada co cultivo de bivalvos. A costa, rodeada de praias con pequenos cordóns dunares asociados, concentra os usos turísticos e nela o groso das edificacións localízanse asociadas ás dúas estradas de maior entidade, aínda que a edificación dispersa é xeneralizada en toda a unidade. De menor entidade son as áreas ocupadas polo arboredo que se limitan a pequenos espazos recubertos de eucaliptos e piñeiros.

#### MORFOLOXÍA

A alta produtividade do chan e a intensa presión agrícola exercida sobre el derivan nun espazo minifundista caracterizado polo pequeno tamaño das explotacións e a ausencia de límites artificiais que acouten a propiedade. Confórmase, por tanto unha paisaxe agraria aberta característica de todo o val do Salnés. O único asentamento tradicional, denominado Aduana de Corón, localízase no extremo occidental da unidade aínda que a súa estrutura básica está moi transformada pola anexión de novas vivendas que lle outorgan un perfil lineal. O resto das edificacións xorden dun modo espontáneo por todo o espazo conformándose unha paisaxe caracterizada pola dispersión.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal infraestrutura da unidade é a estrada da costa C-550, que une Vilagarcía con Cambados, dende a cal parte a estrada EP-9702 que enlaza, pola costa, con Vilanova de Arousa. A partir destes dous viarios principais técese toda unha trama de camiños rurais encargados de intercomunicar todos os espazos da unidade. Cabe citar o peirao da Aduana, preto da Punta Gorma, que alberga pequenas embarcacións pesqueiras de carácter tradicional.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O Pazo de Vista Real destaca como elemento patrimonial dentro da arquitectura civil galega.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Todo o parcelario artículase no espazo comprendido entre as estradas C-550 e EP-9702 verdadeiros artífices da organización actual. Ao redor destes viarios concéntranse gran número de vivendas que configuran un continuo edificado que se prolonga dende Vilagarcía e que continúa cara a Cambados. Pola contra, o interior da unidade, mantén un carácter máis rural derivado do dominio das actividades agrarias. A dispersión das vivendas que sobre el se asentán, non altera de maneira significativa, o aproveitamento e a forma tradicional da escena. Trátase, pois, dun lugar que combina a tradición dunha agricultura centenaria cun desenvolvemento turístico e residencial asociado aos valores e atractivos deste tramo litoral.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución do modelo agrario tradicional seguiu neste ámbito dous ritmos diferentes, un acelerado ao longo das vías de comunicación e outro máis lento, e por iso hoxe en día menos agresivo, na bolsa interior, onde aínda se aprecian unha considerable utilización produtiva, orientada á vide e cultivos de invernadoiro.

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

A pesar da considerable ocupación por edificacións ao longo da estrada que percorre todo o litoral da unidade, esta presenta un alto valor paisaxístico, froito dunha atractiva combinación entre os usos de horta da zona interior e os numerosos puntos de interese da fronte litoral, praias, diques, rocas e illotes, ou puntos de observación. Polo seu perfil convexo, a unidade pode ofrecer visuais orientadas cara ao interior da ría e tamén as que se cruzan cara á Illa, combinándose ambas na punta Bernal o na praia do Mosqueiro. Fóra desta unidade o miradoiro de Monte Lobeira ofrece amplas panorámicas da ría de Arousa.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



